

AVENTURA EN FONTORTO (Mesía)

DATOS XERAIS: Casa Bello (Albergue Xuvenil Garatuxa)

ACCESOS: <https://maps.app.goo.gl/jxdueY2a7358Wgr9A>

ENDEREZO: Lugar Fontorto, 15686 Mesía (A Coruña)

QUENDA	DATAS	ANOS NACEMENTO	DESCRIPCIÓN DAS ACTIVIDADES
1	28 de xullo a 1 de agosto	13-14-15-16	Xogos de presentación, busca do tesouro, xincana de reciclaxe, orientación polo bosque, análise de ríos, hípica, obradoiro de conservas, horta e bicho hotel, láser tag e batalla de arqueiros, piscina, eco-olimpiadas e foliada.
2	11-15 de agosto	13-14-15-16	<i>As actividades poderán sufrir modificacións en función das condicións meteorolóxicas.</i>
3	18-22 de agosto	13-14-15-16	NOTA: Para participar neste campamento non se esixe saber nadar.

NORMAS XERAIS:

1. As persoas participantes estarán atendidas permanentemente por persoal titulado e especializado na organización e no desenvolvemento das actividades de tempo libre.
2. Ningunha persoa participante poderá abandonar o centro sen autorización expresa do/a director/a da actividade, e sempre acompañado por un **adulto autorizado (persoa que asinou os papeis de inscrición)**; no caso de non poder estar presente este, a persoa que efectúe a recollida deberá achegar a fotocopia do DNI de quen autoriza (persoa que asinou os papeis de inscrición) e do autorizado, así como o impreso de autorización que lles será facilitado o día da recepción.
3. **Prégase non facer visitas de non ser necesario**, co fin de non interferir no desenvolvemento das actividades e limitar ao mínimo imprescindible a entrada de persoas alleas á instalación.
4. **Horario de chamadas:** no momento da recepción o equipo de monitorado comunicaralles ás familias os días en que se poderá contactar cos/coas menores (cun mínimo de 3 días durante a quenda) e o horario para as chamadas. Nese horario, os/as rapaces/zas disporán dos seus móbiles se os traen ou ben as familias poderán chamar ao/á menor nos teléfonos indicados na reunión de recepción. Tamén se permitirán as chamadas fóra do horario sinalado por causa xustificada.



5. As persoas participantes deberán levar o **DNI** e as **tarxetas sanitarias orixinais** (ou seguro médico, MUFACE ou similar, e o talonario de receitas).

O día da incorporación deberánse comunicar ao persoal técnico da actividade os medicamentos, en caso de tratamento específico, que estean a tomar; así como as alerxias, doenzas, ou calquera outra incidencia que se considere de interese.

6. Recoméndase que non leven obxectos de valor, nin grandes sumas de diñeiro.

Prevese a organización dun banco de cartos e móbiles onde os participantes poderán depositar os seus cartos e tamén os teléfonos, (recoméndase poñer un adhesivo co seu nome tanto no teléfono coma no cargador e, no caso de ser necesario, unha lista cos números de teléfono e o PIN, se non se sabe de memoria). Os teléfonos entregaranse apagados.

7. Recoméndase levar a roupa marcada coas iniciais.

8. Nesta web, no apartado “Documentación para presentar (fase de adxudicación)”, está dispoñible o modelo de autorización para recollida do/a menor e outra información de interese.

INCORPORACIÓN E RECOLLIDA DAS PERSOAS PARTICIPANTES

- A **incorporación** realizarase o **día do inicio da quenda correspondente**, entre as **18.00 e as 19.00 horas** en Casa Bello (Albergue Xuvenil Garatuxa).

Para comunicar calquera incidencia en relación coa incorporación poden contactar co teléfono 648 872 609 durante os **tres días anteriores á incorporación** ao campamento.

- O día de **remate da quenda, a recollida das persoas participantes** deberá facerse **entre as 16:00 e as 17.00 horas** na mesma instalación.

MATERIAL NECESARIO

A equipaxe **débese preparar coa axuda do/a menor** para asegurarse de que reconece toda a roupa que leva e evitar extravíos. **Tanto a roupa como outras pertenzas** (toallas, móbil e cargador, se é o caso, etc.) **deben ir marcadas** (por exemplo, coas iniciais do nome e apelidos cun rotulador permanente).

- Toallas de aseo e de praia
- Bolsa para a roupa sucia. Non se poderá lavar ningún tipo de prenda na instalación.
- Útiles de aseo persoal
- Crema protectora solar
- Traxes de baño
- Sombreiro, gorra ou viseira
- Roupas deportiva e cómoda e roupa de abrigo
- Calzado cómodo para camiñar
- Chancletas
- Roupas interiores suficientes para todos os días da quenda
- Pixamas
- Chuvasqueiro
- Mochila pequena

MATERIAL RECOMENDABLE

A maiores, é aconsellable levar:

- Cantimplora
- Repelente para os mosquitos
- Calzado deportivo que sirva en caso de choiva
- Lanterna ou frontal
- Bolígrafo e caderno